



ÉTICA E GLOBALIZACIÓN



"Geokeys" (Tvpmp, dominio público)



ÍNDICE

ÉTICA E GLOBALIZACIÓN

1. QUE É A GLOBALIZACIÓN?.....	1
1.1 Introducción.....	1
1.2 A globalización a debate.....	1
1.3 O mundo fíxose pequeno.....	2
1.4 Internet: unha revolución global.....	2
<i>Exercicios</i>	4
2. GLOBALIZACIÓN: INMIGRACIÓN E DESLOCALIZACIÓN.....	5
2.1 A inmigración.....	5
2.1 A deslocalización.....	6
3. NECESIDADE DUNHA NOVA CONCIENCIA PLANETARIA.....	7
3.1 Dereitos para todos ou para ninguén.....	7
3.2 Ideas para unha ética cívica mundial.....	7
<i>Exercicios</i>	8
SOLUCÍONS.....	9

1. QUE É A GLOBALIZACIÓN?

1.1 Introducción

A *globalización* é un proceso de crecente integración e interdependencia entre economías, culturas e sociedades do mundo, que se desenvolveu fundamentalmente no último cuarto do século pasado e que está experimentando a súa máxima extensión neste século XXI. Caracterízase pola libre circulación de bens, servizos, capitais, información e persoas a través das fronteiras nacionais, impulsada pola tecnoloxía, a liberalización do comercio e a inmigración. É un proceso que está cambiando as nosas vidas dunha forma radical e a un ritmo vertixinoso.

A globalización é unha realidade palpable que non podemos negar nin obviar, na cal percibimos que a maior parte das decisións políticas e económicas que nos afectan xa se toman a nivel global, e moitas veces lonxe de nós (da nosa esfera política próxima).

Pero en que consiste este fenómeno novo e revolucionario? Que vantaxes e riscos comporta para as sociedades e para as persoas? Como incide na idea de cidadanía e dos dereitos humanos? Como está cambiando as nosas vidas?

1.2 A globalización a debate

Despois das dúas grandes guerras mundiais do século XX, o mundo experimentou un crecemento económico, tecnolóxico e demográfico descoñecido ata daquela en toda a Historia da Humanidade. A progresiva mecanización da agricultura, as melloras de fertilizantes e métodos produtivos fixeron pensar que ese século sería o da erradicación da fame no planeta. A industria mellorou progresivamente a fabricación en serie e a automatización dos procesos produtivos, abaratando enormemente os custos. Por outra banda, a medicina e a mellora das condicións de vida permitiron aumentar a esperanza de vida ata idades inimaxinables hai só unhas décadas atrás. Este crecemento exponencial, xunto coa nova ideoloxía da "sociedade do benestar", aumentaron ata límites inimaxinables as condicións de vida e o benestar das sociedades occidentais.

Con todo, este progreso non foi uniforme no mundo e, como podemos ver aínda hoxe, vivimos nun mundo profundamente desequilibrado, onde o consumo excesivo duns contrasta coa miseria máis absoluta doutros. Un mundo onde a explotación abusiva dos recursos naturais está comprometendo seriamente o futuro de todos, especialmente o dos habitantes dos países máis pobres. Nos últimos informes de 2021 do Laboratorio da Desigualdade Global, o 1 % da poboación do mundo con máis ingresos gana o dobre que o 50 % máis pobre do mundo.



Africa subsahariana (Audy of Course, gratuita)

Globalizamos a economía, pero non a ética. Aumentamos o nivel de vida duns poucos á conta dos dereitos económicos e sociais de moitos máis.

Deste xeito, a tarefa ética e política máis urxente que temos as sociedades ricas é reducir o noso consumo para que os pobres poidan aumentar o seu ata un mínimo digno. Debemos cambiar os nosos hábitos para facer compatible un desenvolvemento sostible e extensible a todos. Urxe a tarefa de construír unha cidadanía global que nos permita a todos desfrutar dos mesmos dereitos e acceder por igual aos bens materiais e culturais sen poñer en risco a sustentabilidade do planeta e a nosa propia supervivencia.

1.3 O mundo fíxose pequeno

Durante moitos séculos, a maioría da xente viviu nun "mundo moi pequeno". Abarcaba uns poucos quilómetros arredor da súa casa ou da súa aldea. Poucos dos que vivían na montaña vían o mar, ou os que vivían no deserto descoñecían a existencia de tempestades e choivas de meses, os brancos non imaxinaban que existía xente cunha cor diferente. A Idade Moderna iniciou a época dos grandes descubrimentos (América, Asia, África, Oceanía, etc.) e abriu o comercio a nivel global, aínda que en niveis aínda moi limitados respecto do que coñecemos hoxe en día. Os séculos posteriores, coas melloras da navegación, dos barcos de vapor, etc. incrementaron enormemente este comercio e o fluxo de persoas duns continentes a outros.

Nos séculos XVIII e XIX, o tráfico de escravos e a inmigración chinesa aos EE.UU. para a construción do ferrocarril supuxeron un fenómeno de inmigración descoñecido ata aquela. E a finais do XIX e na primeira metade do século XX, espoliados polas dúas guerras mundiais, o que tamén provocou un enorme fluxo de europeos cara América, os latinos cara á América do Sur, fundamentalmente, e os saxóns cara á América do Norte. Pero foi a partir da segunda metade do século XX cando se desenvolveu este desprazamento de persoas ata converterse nun fenómeno global, cunha mestura de razas e culturas que levaron a acuñar o termo *globalización*. Un fenómeno tan universal que está dando lugar a sociedades cada vez máis cosmopolitas e multiculturais, onde conviven crenzas, costumes, tradicións e formas de vida moi diferentes, pero obrigadas a entenderse e a respectarse.


Un mundo global e interconectado, onde a tecnoloxía dixital permite unhas comunicacións e informacións en tempo real que tamén contribúen a facilitar estes fluxos migratorios e o comercio global.

1.4 Internet: unha revolución global

A revolución dixital é un fenómeno tan amplo e profundo como o foi no seu momento o descubrimento da imprenta (S. XV) ou a Revolución Industrial do século XVIII.

A revolución dixital supón un cambio estrutural en practicamente todos os aspectos do mundo moderno:

- **Profunda transformación da economía.** Dende a dixitalización dos negocios, a automatización dos sistemas produtivos, o comercio electrónico e a IA, esta tecnoloxía abriu un mercado mundial e global nunca antes imaxinado. Pero tamén vai acompañada de cambios no sector produtivo ao desaparecer traballos tradicionais, á vez que emerxen outros novos relacionados con esta tecnoloxía.
- **Cambios na comunicación.** Desenvolveuse unha comunicación en tempo real dende calquera parte do mundo, o acceso á información global instantánea, novas formas de comunicación e relación interpersoal, que amplificaron exponencialmente a nosa capacidade de relacionarnos con xente de todo o planeta. Pero tamén un maior risco de *fakes* e de manipulación da información, son o cambios máis significativos desta rede (*web*) global de comunicación.
- **Transformación cultural e social.** O fenómeno da internet trae novas formas de interacción nas relacións persoais, no traballo e no ocio. Fixo realidade o soño enciclopedista dun saber universal ao achegar a información e a educación a todo o planeta, e permite coñecer outras culturas, sociedades, relixións ou crenzas sen se mover da casa. A cara B son os problemas derivados da privacidade, a información persoal e a vixilancia.
- **Innovación tecnolóxica.** A internet, a intelixencia artificial (IA), os datos masivos (*big data*), as cadeas de bloques (*blockchain*), etc. están redefinindo industrias enteiras como a saúde, a educación, a cultura e mesmo o turismo e o transporte, permitindo avances inimaxinables hai só unhas décadas.
- **Desigualdade dixital.** Esta extraordinaria tecnoloxía ten sen embargo unha falla importante, nin todas as persoas ni todas as rexións do planeta teñen o mesmo acceso a ela, o que amplía as desigualdades de oportunidades, económicas e sociais.



Internet (Kloner, CC BY-NC 4.0)



Conclusión

A Revolución Dixital, xa chamada a *4ª Revolución Industrial*, é un fenómeno amplo e profundo que está reconfigurando as estruturas económicas, sociais, culturais e políticas do mundo, con beneficios inmensos, pero tamén con desafíos importantes. Entre eles, os dilemas éticos profundos: quen controla os nosos datos? Como evitamos a discriminación algorítmica? Que regulacións equilibran a innovación e os dereitos? A resposta require marcos legais sólidos, a alfabetización do cidadán, a gobernanza democrática e controis centrados na dignidade humana.

Quizais sexa a revolución tecnolóxica máis radical na Historia da Humanidade, que abre grandes esperanzas e posibilidades, sempre que se manteñan estes cambios nun marco ético e xurídico de respecto ás diferenzas culturais e aos dereitos humanos.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Cal das seguintes afirmacións sobre a globalización non é certa?

- a) A integración entre as economías.
- b) A circulación dos bens e servizos a nivel mundial.
- c) A igualdade do progreso económico a nivel global.
- d) O nivel de explotación de recursos compromete o noso futuro.

Exercicio 2

Cal dos seguintes efectos do mundo dixital supón un maior risco dende o punto de vista social e económico?

- a) A información global instantánea.
- b) A realidade do soño ilustrado dun saber universal.
- c) A redefinición da medicina ou da educación.
- d) A fenda dixital entre persoas e sociedades.

2. GLOBALIZACIÓN: INMIGRACIÓN E DESLOCALIZACIÓN

2.1 A inmigración

A fenda entre os países ricos e os países pobres incrementábase ano tras ano. A pobreza, os conflitos armados, a discriminación sobre a muller, a represión política, as inxustizas flagrantes en moitos países con gobernos *de palla* de grandes corporacións industriais que explotan os seus recursos naturais, xunto co bombardeo continuo de propaganda sobre as bondades dos países desenvolvidos leva a milleiros de persoas a arriscar as súas vidas para chegar ao “paraíso” occidental.

Unha vez creado o desexo de emigrar, aparecen os que obteñen beneficios del. Así, as **mafias internacionais** ofrecen vantaxes ficticias que fan caer moitas persoas nas súas mans, pero sen ningunha ética, chegando en moitas ocasións a deixalas abandonadas no mar á súa sorte. Como denuncia a Organización Internacional para as Migracións (OIM), en 2023, dende 2014, rexistráronse máis de **4.000 mortes ao ano nas rutas migratorias** de todo o mundo. No entanto, este número de mortes rexistradas representa unha estimación mínima, xa que a maioría das mortes de inmigrantes non se rexistran.

Os movementos migratorios representan tamén un **motivo de preocupación para os países emisores**, que ven como lles marchan precisamente as persoas máis novas, que poderían achegar a súa capacidade de traballo á creación de riqueza no seu propio país.

E, por outra banda, o que encontran nos países de acollida, con demasiada frecuencia, é discriminación e trabas para regularizar a súa situación, convertidos de novo en parias nunha sociedade consumista e egoísta, inmune á miseria e ás penurias dos máis pobres.

Esta situación chega a ser tan grave que mesmo xera **xenofobia** (rexeitamento aos estranxeiros) e **aporofobia**, rexeitamento, aversión ou medo cara ás persoas en situación de pobreza e vulnerabilidade, que se manifesta de diversas maneiras:

- **Rexeitamento social.** Rechazo cara ás persoas sen fogar ou que viven en situación de pobreza, considerándoas unha ameaza ou unha molestia.
- **Prexuízos.** Crer que as persoas pobres son responsables da súa propia situación, por incapaces, vagos, ou que son perigosas e que non achegan nada á sociedade.
- **Discriminación.** Trátanse de maneira diferente as persoas en función do seu nivel socioeconómico, negándolles o acceso a servizos ou oportunidades.

A xenofobia e a aporofobia son un problema social que require atención e sensibilización para poder combatelas, traballando por unha sociedade máis humana, xusta e integradora.

2.1 A deslocalización

Á marxe dos problemas de integración e cohesión social da inmigración, a diferenza entre o *mundo rico* e o *mundo pobre* está producindo un efecto impensable hai algunhas décadas: a **deslocalización** das empresas. Este proceso iniciouse coa aprobación do Acordo mundial de libre comercio polos principais países ricos. Como a distancia e as facilidades do transporte mundial permiten entregar mercadorías en poucos días en calquera parte do mundo, as grandes corporacións aproveitaron as zonas do planeta onde os dereitos dos traballadores e os seus salarios son máis baixos. As grandes empresas eliminan postos de traballo naqueles Estados onde os traballadores teñen máis dereitos e invisten en países con menor nivel de vida e onde non teñen que asumir custos sociais tan altos.

Esta política de trasladar a produción aos países con menos custos sociais e salarios máis baixos, para despois vender os produtos a prezos altos, ten un efecto positivo de gran rendibilidade a curto prazo para as empresas, pero un efecto moi negativo no tecido produtivo dos países cunha política social e dereitos laborais dignos para os traballadores. Isto acelera o desemprego e, a longo prazo, leva a unha importante mingua do poder produtivo e á pobreza.

Isto suscita un importante debate ético e político: debemos seguir permitindo que as empresas leven a súa produción a paraísos fiscais ou con soldos de pobreza e sen dereitos laborais ou, como xa pretenden os gobernos como o dos EE.UU. neste momento, implementar aranceis para que ás empresas lles resulte máis rendible volver producir nos países cunha política de xustiza social e dereitos laborais para os traballadores?

Para resumir, o proceso de globalización tende a converter o mundo enteiro nun espazo de traballo das grandes multinacionais. Non é estraño, polo tanto, que os grandes poderes económicos intenten mandar máis que os propios gobernos dos Estados ou que as institucións políticas de carácter internacional. Isto deixa a política económica e laboral nas mans dos grandes grupos financeiros e dos fondos de investimento, e sen capacidade de manobra aos representantes políticos elixidos democraticamente polos cidadáns para conducir e legislar unha política económica xusta e que responda aos intereses de todos os cidadáns e non só duns poucos.

Nun momento onde hai persoas cunha riqueza tan inmensa, máis grande que todo o produto interior bruto de moitos países, é imprescindible arbitrar medidas e políticas que impidan que ese enorme poder financeiro marque as políticas sociais de moitos países, e de millóns de persoas en todo o mundo.

3. NECESIDADE DUNHA NOVA CONCIENCIA PLANETARIA

3.1 Dereitos para todos ou para ninguén

O que nos permite desfrutar dos dereitos é a cidadanía, pertencer a unha comunidade humana que lles reclama aos seus membros unha dignidade e un respecto. A conversión destes dereitos en leis significa que a comunidade se compromete a ofrecer garantías para o cumprimento destes dereitos de todas as persoas.

Ser cidadán do mundo é moito máis que viaxar ou aprender linguas. Considerarse cosmopolita é unha falacia se a nosa forma de vida é incompatible cun mínimo de benestar para todos e cando o noso nivel de consumo contribúe a xerar máis pobreza e empeorar o estado do planeta.

Resulta inaceptable que millóns de persoas non poidan desfrutar de dereitos básicos, como a liberdade, a seguridade, a educación ou a vivenda. Nin é eticamente aceptable, nin materialmente sostible.

En resumo, globalizouse a economía, pero non se globalizou o benestar e os dereitos das persoas. Entón que podemos facer? Freamos a globalización? Ou mellor **facemos o posible para globalizar os dereitos e a solidariedade**? Quizais isto último sexa incluso máis rendible dende o punto de vista económico que seguir ampliando a fenda entre países ricos e países pobres.

3.2 Ideas para unha ética cívica mundial

Vivimos nun mundo cada vez máis globalizado. Todo o que facemos inflúe sobre a nosa contorna social. Esta contorna vaise ampliando dende o máis próximo, a nosa familia, pasando por amigos, veciños, concidadáns, etc. Pero, nestes tempos, isto non acaba aquí. Hoxe, esa contorna esténdese ao conxunto dos seres humanos do planeta. Con todos eles convivimos e xuntos debemos construír unha verdadeira **ciudadanía universal**.

Esta cidadanía universal construírse sobre tres piares: dereitos, deberes e educación. **Os dereitos humanos** recoñecen o valor supremo da **dignidade humana** e, de acordo con isto, establécense os **valores de liberdade, igualdade e xustiza**, como ideais que deben asumir todos os seres humanos sen excepción.

Estes ideais, naturalmente, exixen a aceptación dunhas obrigas que chamamos **deberes cívicos**: a **tolerancia**, a **solidariedade**, a **participación**, a **responsabilidade** e o **respecto pola diversidade** natural e social. Cando estes valores cívicos faltan, os dereitos empezan a dobregarse e a convivencia desaparece. En definitiva, **non pode haber dereitos sen deberes**.

A **educación** é a peza fundamental que liga os dereitos cos deberes. Coa educación podemos derrubar o muro dos prexuízos que nos impiden coñecer e recoñecer a realidade

do outro e convivir con el. Grazas a ela adquirimos a conciencia das inxustizas existentes xunto coa responsabilidade de facelas desaparecer.

Deste modo, a **ética cívica universal** que buscamos ten que basearse nunha relación das persoas entre si e coa natureza. **Hai que substituír as vellas relacións de dominio e explotación** –tanto das persoas como do planeta– **por outras de respecto e cooperación.**

Só así poderemos previr os conflitos e evitar as guerras. Só así deixaremos de vivir aterrorizados polo medo a un desastre nuclear ou á invasión dos *sen dereitos*. Só así os nosos descendentes poden aspirar a ser **cidadáns do mundo**, dun mundo máis xusto e amable que o actual.

EXERCICIOS

Exercicio 3

Con que termo se coñece a vergoña e aversión cara aos pobres?

- a) Xenofobia.
- b) Claustrofobia.
- c) Aporofobia.
- d) Agorafobia.

Exercicio 4

Cal é un dos efectos máis perigosos da globalización económica e comercial?

- a) A creación das multinacionais.
- b) A deslocalización das empresas.
- c) A estandarización industrial.
- d) A regulación do mercado laboral.

Exercicio 5

Cal é a peza fundamental no proxecto dunha ética cívica universal?

- a) A lei.
- b) A educación.
- c) A xustiza.



SOLUCIÓNS

1. c)

2. d)

3. c)

4. b)

5. b)